

# Altamira



*Revista informativa do Concello de Brión*

ANO IV

ABRIL-89

Nº 13



- M<sup>a</sup> CARMEN ALVAREZ DE RON: Xefa da Axencia de Extensión Agraria
- MANCOMUNIDADE DO TAMBRE: Un esforzo na mellora dos Servicios
- CELSO EMILIO FERREIRO: Representante principal da poesía da postguerra
- LEMBRANZAS: Outros nomes brioneses
- O XORNAL VERDE: Literatura do noso Concello
- NOTICIEIRO: Próxima inauguración do Colexio de Viceso

Axente

**FIAT**  
Tractores

# Talleres PEDRARES

Fabricación e venda de  
Maquinaria agrícola e forestal  
Desbrozadoras ZAZURCA  
Autocargadores BOSS  
Motoserras e desbrozadoras de man  
JONSERED

**Director:**

Xoan R. Pais Andrade

**Consello de Redacción:**

Manuel Vidal Cajuso  
Afrodicio J. Montero Vieites  
Xosé Freire Caamaño  
Xácobe Pérez Paz  
Dora Mirá Pérez  
Luciano Pena Andrade  
María Xosé Moldes Pose  
Xosé Caramés Vázquez

## EDITORIAL

### Dez anos de democracia nos Concellos

O 3 de abril do ano 1979, fai exactamente unha década, iniciábase en todo o noso País, dun xeito decidido, o camiño cara a autonomía local coa celebración das primeiras eleccións democráticas municipais.

Se as primeiras Eleccións Xerais democráticas ó Parlamento Español, dous anos antes, amosaban un certo temor e incredulidade cara á estabilidade do novo sistema de liberdades, cun engadido descoñecemento das formacións políticas e dos líderes máis significados, as primeiras eleccións municipais liberaron tódolos temores e desatáronse tódolas paixóns políticas, prudentemente contidas nas primeiras Eleccións Xerais.

A certeza de que o futuro novo poder democrático ía estar baseado na implantación real que cada formación política adquirise nos Concellos, propiciou unha mobilización total de tódalas forzas políticas en tódolos Concellos, que tivo, como feliz desenlace, e como boa sinal de saúde democrática, a práctica desaparición de tódolos alcaldes franquistas.

As primeiras corporacións democráticas, aparte da comprensible inexperiencia e da ansia de facer cousas, atopáronse con problemas reais de anquilosamento administrativo (cando non de soterrada oposición ós novos "exidores") que, en moitos casos, aínda constituían un pesado tranco nas xestións municipais e con serias dificultades de solución. As arcas valeiras e os números roxos constituíron, maiormente, a herdanza do anterior réxime da dictadura ás novas corporacións democráticas, lastrando a súa actuación futura e comprometendo peligrosamente a credibilidade e estabilidade democrática, a tódolos niveis.

Os primeiros catro anos de xestión democrática nos Concellos, a pesares das dificultades expostas, supuxeron a confirmación total do novo sistema de liberdades como forma de convivencia máis xusta e máis eficaz.

As melloras alcanzadas en case tódolos ordes: económico, educativo, infraestructuras, comunicación, cultura, etc., no curto período de tempo dos catro primeiros anos de mandato democrático, propiciaron o reforzamento das formacións políticas gobernantes na maioría dos Concellos, así como a eliminación definitiva dos últimos reductos de poder tradicional que non souberon estar a altura dos cambios, e non presentaron uns convincentes logros na súa xestión.

Estas segundas eleccións do ano 1983, a par que reforzan o novo sistema de elección libre e de xestión autónoma municipal, clarexa definitivamente o mapa político en toda España, reducindo a "sopa de letras" das formacións políticas a menos de media ducia con implantación real. Na nosa Terra, as forzas nacionalistas de esquerda experimentan un forte retroceso ata case a súa desaparición, namentras afloran formacións políticas nacionalistas de Centro dereita como a propiciada polo deputado Eulogio G. Franqueira en Ourense.

As terceiras eleccións democráticas municipais, no ano 1987, confirman novamente a liña preferentemente democrática, amosando unha maior contención das paixóns políticas locais, como signo dunha evidente madurez política así como duns maiores coñecementos das realidades sociais e as súas tendencias e capacidades para deixarse influir.

As últimas eleccións, a par de evidencia-la madurez do electorado que sabe perfectamente aprecia-la viabilidade e o realismo dos programas electorais, así como tódalas demagoxías que agachan un perigoso aventurerismo político, introducen tamén, dunha forma cada vez máis clara, sobre todos nas grandes cidades, a paulatina influencia dos grandes movementos políticos que se operan a nivel nacional.

Tódalas perdas de maioría absoluta, así como tódalas maiorías minoritarias gobernantes nas corporacións locais, quedaron totalmente expostas ós "vai-véns" dos pactos políticos que se operan na política do Estado ou das Autonomías, quedando as maniobras exclusivamente municipais, ás veces contrarias ás liñas das cúpulas dos partidos, pero máis comprensivos de cara ós veciños da localidade, como exemplos expúreos de "barbarismos políticos" que se deben corrixir no futuro.

As mocións de censura, os cambios de partido, os gobernos de coalición, moitas veces inexplicables ideoloxicamente, marcan os signos políticos dos últimos gobernos municipais que, á par que introducen novos elementos no xogo democrático que acrecentan os desequilibrios políticos, veñen a confirmar a robustez do sistema que encaixa perfectamente tódalas fórmulas sen aparente merma da eficacia xestora.

Estes dez últimos anos de xestión democrática dos Concellos, veñen a ser, unha especie de premio ó espírito democrático, e á tolerancia política de tódolos cidadáns que desexan vivir en Paz, en Liberdade e en Solidaridade con tódolos veciños do mundo, e ó mesmo tempo buscando o benestar persoal e progreso individual.



## M.ª CARMEN ALVAREZ DE RON RIOPEDRE (MITA): Xefa da Axencia de Extensión Agraria.

**E**STAMOS convencidos de que os servicios prestados polos servicios de extensión agraria desde a súa creación no ano 1957 (a Axencia de Negreira foi a primeira de toda España) resultaron de gran proveito para todo o medio rural galego, e non só no que respecta á mellora das técnicas agrícolas para mellor aproveitamento dos recursos, senón tamén no aspecto familiar e humano. Por tal motivo, traemos ata as nosas páxinas da revista Altamira a María do Carme Alvarez de Ron Riopedre, máis coñecida entre nós por "MITA", hoxe a xefa da Axencia de Extensión Agraria da zona na que se inclúe o noso Concello de Brión, con sé en Negreira.

Mita á natural de Piantón, na bisbarra de Vegadeo ou "A Veiga" como lle chaman eles, un anaco de terra galega en Asturias. Mita —iso sabémolo ben os que a coñecemos— non só é galega, senón que exerce como tal. Leva en Negreira desde finais do ano 1972 (hai 16 anos), desenvolvendo o seu fructífero traballo por tódolos

lugares do noso Concello.

De todos é coñecida a importante evolución agraria que tivo o campo galego nos últimos dez anos, así como o notorio incremento do nivel de vida, tanto desde o punto de vista económico como cultural. En todo este cambio, todo o mundo recoñece a fundamental aportación dos servicios de Extensión Agraria, en moitas ocasións escasos de recursos económicos e faltos de persoal para levar a cabo ambiciosos proxectos, suplidos a maioría das veces cun esforzo adicional sábados e domingos.

—A función fundamental dos Axentes de Extensión Agraria é promover e guía-la acción das familias rurais para que utilicen os seus recursos da mellor maneira posible, actuando permanentemente nas comunidades rurais para desenvolver nelas cambios favorables de actitude, mellora do seu entorno social e espalla-los coñecementos e técnicas que poidan contribuir á mellor utilización dos seus recursos. Os catro grandes puntos de atención no noso traballo son: a familia, as explotacións, a comunidade e a xuventude.

Tendo en conta a gran extensión da zona en que prestáde-lo voso servicio, que abarca os concellos de Negreira, Brión, Ames e A Baña, ¿cómo faciades para levar adiante o voso traballo, que, como ti ben dixeches, abarca tantos aspectos da vida rural?

—Partindo dun estudio da realidade da comarca, da problemática existente, faciamos unha planificación anual (o Plan Anual de Traballo), na que nos marcabámo-los obxectivos a conseguir en cada aspecto do noso traballo, encamiñados a resolve-los problemas concretos que íamos descubriendo, a base de cursiños, charlas, visitas colectivas para coñecer outras experiencias para que serviran de espello aquí.

Ó parecer, unha gran porcentaxe da vosa actividade ía dirixida hacia a xuventude. ¿Cál foi a vosa aportación neste campo de tan necesaria atención?

—A atención ós mozos realizámola sobre de todo a traveso dos chamados "Planteis de Extensión Agraria", masculinos, femininos ou mixtos. Abarcaba toda a problemática da xuventude: agricultura, tempo libre, educación, etc. Para min era un dos traballos máis bonitos e satisfactorios do traballo de Extensión Agraria, porque a xuventude acostuma a ser máis receptiva e aberta. O noso método de traballo nos planteis era "aprender facendo"; é o que pedagógicamente se chama partir dos "centros de interese" como motivación para ir ampliando os coñecementos que logo se aplicarán á transformación do medio.

Falar hoxe con unha rapaza ou un rapaz que pertencera a un plantel de Extensión Agraria, aínda se lle nota.

Ten habido ata sete funcionando simultaneamente na comarca. En Brión, tivemos un na Luaña.

¿Poderías resumirnos en qué se traduciu o labor dos Servicios de Extensión Agraria ó longo da súa historia, tanto no orde económico como social e cultural?

—O papel desempeñado polos Servicios de Extensión Agraria desde a súa implantación en Galicia é moi importante, casi diría trascendental, na evolución e capacitación da xente do campo, non só tecnicamente, senón humana e culturalmente.

O noso maior esforzo dirixiuse á potenciación dos medios de explotación para acrecenta-lo rendemento do traballo agrícola. Neste sentido, comezáronse a facer baixo o noso impulso as primeiras pradeiras artificiais, a ensilala herba, a introducir sementes seleccionadas, construíronse os primeiros invernadoiros, introducíronse novos cultivos de hortalizas, como "coliflor", acelgas, espinacas, tomates, etc.

Tamén se conseguiu modifica-los hábitos alimenticios, introducindo melloras importantes nas poucas variadas dietas tradicionais. Xunto co desenvolvemento e potenciación da horticoltura, fóronse ensinando sistemas de conservación de alimentos como medios para enriquecer-las dietas, escasas en moitos principios básicos de nutrición.

Traballouse tamén na mellora das condicións das vivendas, buscando sempre a adecuación no medio para non romper co entorno.

Creo que os efectos deste labor están á vista de todos, xa na maneira de falar e de plantexa-los problemas: hai unha maior concienciación. Ademais, hoxe pódese observar como a xente do campo ten un nivel superior de ingresos, así como maiores posibilidades e alternativas económicas. Hai tamén un maior nivel de estudos e un cambio positivo de actitudes hacia os fillos.

Cando empezastes ¿cómo foi a reacción da xente ante tantas innovacións, tendo en conta que tratábedes con familias que levaban séculos traballando a terra sen que ninguén lles ensinase nunca nada?

—Houbo, é certo, ó primeiro, grandes reticencias por parte da xente. Era lóxico que moitos se preguntasen qué lle íamos a contar nós a eles que eran agricultores de toda a vida.

Logo, en xeral, a xente acolleunos moi ben e acodia con regularidade ás reunións e ós cursiños aceptando con verdadeiro interese as nosas suxerencias. Como as ensinanzas eran moi prácticas, convencéronse moi rápido dos beneficios das innovacións que lles íamos planteando pouco a pouco.

En Brión hai que dicir que houbo diferencias entre as distintas parroquias. As parroquias da zona alta (Viceso, Ons, Luaña, Cornanda) foron máis receptivas que as da zona baixa, debido fundamentalmente a que estas últimas son menos dependentes da produción agrícola e, por tanto, manifestaban moita máis apatía en todo o referente ó campo.

Ultimamente acúsasevos de estar máis burocratizados e atender menos ó traballo do campo. ¿A qué é debido?

—A primeiros dos anos 80, o Servizo de Extensión Agraria comeza a tramita-los expedientes de subvencións e créditos oficiais que consomen a práctica totalidade do tempo, non deixando lugar a moitas saídas ó campo. Hoxe en día estamos enmarcados dentro da Consellería de Agricultura e o maior esforzo da mesma vai dirixido hacia as axudas económicas e, polo tanto, seguindo a política da Consellería, adicámonos a iso. Aquel sentido "apostólico" de antes, que nos levaba a traballar ás veces sábados e domingos, chegou a cansar. Os axentes de Extensión Agraria, sobre

todo as novas promocións, comezaron a reivindicar un horario fixo, un salario máis digno, etc.

O cooperativismo en Galicia, pesía a moitas iniciativas e ás axudas da Administración, non acaba de arrincar, condicionando moito o desenvolvemento do campo. ¿A qué é debido tanto fracaso nestas experiencias, que noutros países son un auténtico éxito?

—En Galicia hai cooperativas con moi boa implantación e con futuro, que están ahí a pesar das críticas que lles habería que facer (Feiraco, Leima, etc.). Pero, dentro do cooperativismo, o modelo de explotación comunitaria si que non dá preñado (na nosa comarca coñecemos moitas que fracasaron). A min xa me gustaría sabe-lo motivo deste fracaso; creo que hai un factor humano: hai cooperativas que obteñan bos resultados e que se desfizeron por cuestións de que se "fulano traballa menos ca min" ou ca teima de que, se cadra, "iríame mellor se me puxera independente"; nalgúns casos, hai cooperativas anticuadas que necesitan fortes inversións para poñerse ó día e nas que os socios pensan que "a gastar, gasto mellor no meu".

Desde un punto de vista estritamente profesional, ¿cáles serían ó teu entender os principais problemas do campo galego.

—O primeiro de todos é o reto de Europa: o noso nivel de preparación técnica e de competitividade está moi por debaixo dos outros países da CEE. O noso foi como subirse a un tren que nos levaba alomenos 30 anos de vantaxe: fáltanos preparación técnica, estruturas adecuadas de explotación e comercialización (saneamento e selección do gando...) infraestructuras, etc. Un atranco insalvable é o minifundio: por Europa adiante, cada explotación agraria dispón dunha superficie polo menos tres veces superior á media das galegas.

Tras desa primeira fase, moi importante polo que falabamos antes, ¿cáles son os plans para o futuro dos Servizos de Extensión Agraria?

—Eu non son quen para dici-lo que vai se-lo futuro de Extensión Agraria: iso terá que planifica-lo a Consellería de Agricultura. Pero, dada a situación actual, creo que seguiremos traballando na capacitación dos homes e mulleres adicados á agricultura e tamén xestionando as axudas pró campo.

Fálase de que a discriminación da muller é un feito histórico en Galicia. Neste sentido, ¿aporta algo a Extensión Agraria de cara a mellora-las condicións da situación da muller no campo galego?

—O tema da muller rural galega, é un tema no que son particularmente sensible, non só pola miña condición de muller, senón porque puiden observar por min mesma, en todos estes anos de traballo no campo, como a muller foi sempre discriminada de cara á súa formación e capacitación agraria. Por poñer un exemplo: tódolos cursos de tipo técnico foron dirixidos especialmente ós homes, aínda que a muller tamén viña facendo eses mesmos traballos como o home. A muller traballa igual que o home: conduce tractores, ara, muxe, sementa, etc., e, sen embargo, recibiu menos capacitación. O servizo de Extensión Agraria ten, nestes momentos, como un dos seus principais obxectivos aumenta-la profesionalización da muller no campo. Hoxe estamos montando uns cursiños de capacitación agraria de 200 horas de duración exclusivamente para mulleres.

Dende o punto de vista agrario, ¿cal é a nosa situación respecto a outras Comunidades?

—No tema do saneamento do gando van moi por diante de nós. Practicamente as outras comunidades téñeno resolto, mentras que a nós aínda nos falta moito. Nos niveis de rentabilidade estamos máis próximos. Ocorre, sen embargo, que dentro de Galicia existen moitas zonas diferentes. Tendemos a xulgar a Galicia polo que temos diante, sen darnos conta de que esta zona onde vivimos e das máis privilexiadas de Galicia. Outras zonas atópanse aínda sen face-la concentración parcelaria, e iso é un gran atranco para o seu desenvolvemento.

Concretando no noso Concello de Brión ¿cómo definiría-la nosa situación agraria respecto a outras zonas de Galicia?

—A zona alta, especialmente Luaña e Viceso, habería que cataloga-la de punteira no que se refire a explotacións gandeiras, con altos rendementos por hectárea. Pero hai temas nos que aínda queda moito camiño por andar, como por exemplo, na selección do gando; a case totalidade das explotacións seguen co sistema de estabulación fixa, cando a tendencia actual é a de estabulacións libres con pastoreo de gando. Un tema moi importante sería tamén a concentración parcelaria do monte, non só no aspecto gandeiro (elo permitiría as roturacións para aumentalas superficies adicadas a pradeiras), senón tamén para mellora-la explotación forestal do monte como complemento de gandeiría.

—Moitas grazas polas túas respostas.

—A vostedes.

## A MANCOMUNIDADE DO TAMBRE: un grande esforzo por mellora-los servicios dos tres concellos



NO CONCELLO DE NEGREIRA, O DIA 12 DE ABRIL, EN PRESENCIA DE TODOLOS MEDIOS DE COMUNICACION: PRENSA, RADIO E TELEVISION, TIVO LUGAR O ACTO OFICIAL DA CONSTITUCION DA MANCOMUNIDADE DE SERVICIOS DESTES TRES CONCELLOS.

**T**RA-las palabras dos rexidores de Negreira e A Baña que viñeron a expresa-la tradición histórica de amizade e cooperación dos tres concellos, así como a necesidade de unión de esforzos a que obrigan os novos tempos de cara a mellora-la xestión e os servicios ós cidadáns que o están a demandar, o noso alcalde de Brión presentou o proxecto de estatutos da Mancomunidad a aprobación conxunta polas tres corporacións.

A totalidade do proxecto de estatutos contou coa aprobación unánime da súa redacción a excepción do artigo que fixaba a representación de cada municipio no órgano de xestión da nova Mancomunidad, que pasou a denominarse "Mancomunidad do Tambre", por ser este río o vínculo de unión dos tres Concellos.

Varios concellais presentes estimaron conveniente aumenta-la representación de cada Concello de un Concellal e mailo alcalde, a dous concellais e mailo alcalde, pero garantizando dalgún xeito a presenza obrigada dun concellal da oposición en cada Concello. Presentada a proposta a votación gañou por maioría o aumento da representación de cada Concello a dous; por tanto, quedando a representación da oposición a discreción de cada Concello.

Sen máis contratempos, e co

convencemento xeralizado de que o que se estaba a levar a cabo representaba unha importante iniciativa de cara a mellor aproveitamento dos escasos recursos con que conta cada Concello e, ó mesmo tempo, unha importante mellora nas prestacións dos servicios públicos das tres comunidades veciñas deuse por finalizado o acto, con grandes mostras de aprobación polo escaso público asistente.

### ANTECEDENTES

**A**Baña, Negreira e Brión que acaban de asina-los estatutos polos que se rexirá a Mancomunidad de servicios, os tres Concellos que reúnen nestes momentos unhas características semellantes que posibilitan este beneficioso acercamento para tratar de solucionar problemas comúns.

A parte de ser tres Concellos cun número de veciños moi similar e ter moitos parecidos no que respecta ás súas condicións orográficas e económicas: núcleos urbanos pequenos, poboación diseminada, a produción agraria como base da súa economía, condicionamentos xeográficos parecidos, etc., dáse a feliz coincidencia de que os tres alcaldes que están ó frente das súas respectivas corporacións nestes momentos, coinciden politicamente en moitos plantexamentos tanto dende o punto de vista ideolóxico como nos aspectos de aplicación práctica das

súas funcións como rexidores municipais.

O punto de partida para o nacemento desta Mancomunidad xurdiu da última viaxe a Francia dos tres rexidores para estudar nese país os sistemas de explotación forestal e a aplicación das modernas técnicas selvícolas e, da que dimos extensa información na nosa anterior revista de ALTAMIRA.

En vista do éxito desa viaxe e dos exemplos de colaboración municipal a tódolos niveis, observados no veciño país onde todo se aborda conxuntamente, os tres alcaldes mantiveron unha serie de reunións de cara a estudar-la posibilidade de chegar a mancomunar certos servicios. Tra-los estudos técnicos de tipo xurídico e económico así como das novas tendencias políticas da Xunta de Galicia que orienta a maioría das súas subvencións hacia servicios mancomunados, decidiuse a creación da mancomunidad e iniciando tódolos trámites legais que culminaron coa aprobación dos estatutos, o pasado día 12 de abril, polas tres corporacións municipais reunidas conxuntamente en Negreira.

### SERVICIOS MANCOMUNADOS

**A** Mancomunidad de Servicios do Tambre, que constitúen os citados Concellos da Baña, Negreira e Brión, orientarase fundamentalmente hacia servicios xa constituídos e en funcionamento buscando principalmente o aforro económico polo seu mantemento, a súa mellora da xestión e a súa eficacia en tódolos sentidos.

Os servicios que dende agora quedarán acollidos á xestión mancomunada serán, en primeiro lugar, o parque da maquinaria que, a parte do que aporte cada Concello, experimentará un importante aumento. En segundo lugar, tanto pola súa importancia como pola súa extensión, inclúese a recollida e o tratamento do lixo; despois, tamén quedaron incorporados os capítulos de Salvamento e protección civil, mantemento de alumados públicos e intervención e asistencia social.

A vista dos resultados, e tra-los estudos previos oportunos tratarase de amplia-la mancomunidad hacia outros posibles servicios.

A participación de cada Concello no mantemento dos servicios conxuntos será proporcional ó número de habitantes, que neste caso particular, é moi semellante. A presidencia será rotativa correspondéndolle cada ano a un concello distinto.

## CELSO EMILIO FERREIRO: representante principal da poesía da postguerra



O teito é de pedra.  
De pedra son os muros  
e as tebras.  
De pedra o chan  
i as réixas.  
As portas,  
as cadeas,  
o aire,  
as fenestras,  
as olladas,  
son de pedra.  
Os corazóns dos homes  
que ó lonxe espreitan,  
feitos están  
tamén  
de pedra.  
I eu, morrendo  
nesta longa noite  
de pedra.

redactor xefe da revista "Finisterre" e, ó principio dos anos sesenta, aparece como un membro fundador do partido Unión do Pobo Galego (U.P.G.), xermolo do actual nacionalismo galego, cos que racha pouco despois da súa emigración a Venezuela no ano 1966, expresando así as súas razóns: "Separeime da organización da U.P.G. porque o seu enfoque da problemática galega respecto, pero non comparto...".

A súa emigración a Venezuela explicalla ó seu amigo, Víctor Freixanes do seguinte xeito: "por aburrimiento, por noxo vital. Eran moitas as cousas que vía e sufría ao meu arredor, na miña terra, estábame sentindo afogado nunha especie de cousa viscosa feita de incuria, menosprecio, coacción e deslealtade".

Antes da súa marcha, en Ourense, ríndeselle unha homenaxe pública á que asisten 250 comensales e recíbense 1.250 adhesións. En Venezuela, a onde chegou chamado pola Hermandade Galega para orienta-las actividades culturais, dirixe o periódico quincenal "Irmandade", que foi naqueles anos a máis importante publicación galeguista. Tamén se encarga dunha emisión semanal de radio de dirixi-la escola "Castelao".

Ó pouco tempo comezaron a aparecer serias diverxencias basicamente de raíz política, cos directivos da Hermandade que chegaron a usa-la súa influencia nun intento de expulsa-lo de Venezuela. Celso Emilio recorda así eses momentos: "Foi unha persecución miserenta e sen acougo que samente rematou cando, apoiado por algúns escritores e poetas venezoláns amigos meus, entrei no gabinete de prensa do entón Presidente da República, don Rafael Caldera, onde permanecín, xa inatacable, hastra o meu regreso a España".

Tra-lo seu alonxamento da Hermandade Galega funda o Padroado da Cultura Galega e publica na revista española "Triunfo" a súa decepción da emigración galega en América.

Esta visión negativa da emigración galega resúmea logo no seu libro: "VIAXE AO PAIS DOS ENANOS" que foi considerada por certos sectores intelectuais e nacionalistas galegos (Luis Seoane e Xosé Fernández Ferreiro entre outros) cos que tiña rachado, coma: "unha ultraxe indiscriminada ós emigrantes galegos", a pesares de clarear, repetidas veces o seu autor, que: só atacaba "a aqueles que fixeron cartos e se adicaron a explotar aos seus propios irmáns".

### PERFIL BIOGRAFICO

**N**ACE na conventual Celanova no ano 1912 e cursa estudos de Dereito nas cidades de Santiago e Oviedo. Como tódolos escritores galegos contemporáneos, introdúcese dende moi xoven na militancia política. Así, no ano 1934 é un dos fundadores da Federación de Mocidades Galeguistas pasando a se-lo seu secretario de organización ó ano seguinte e propugnando, dende un posicionamento galeguista radical: "A loita dereita contra todo o que sexa antigalego i españolizante" sinalando con esta postura o alonxamento do Partido Galeguista.

Nesta época a súa actividade literaria está posta ó servizo da súa militancia política. Sendo director de "Guieiro", publicación que era o portavoz oficial da Federación da Mocidade, no ano 1935, foi procesado por un artigo no que se criticaba un discurso de Gil Robles.

No ano 1936, ó comezo da guerra civil española, é movilizado, e no ano 1937, foi detido, pasando varios días encarcerado no propio mosteiro de Celanova.

O finaliza-la guerra civil foi

**C**ABELLE á monacal cidade de Celanova, na provincia de Ourense, a gloriosa honra de contar entre os seus fillos ós dous máis grandes poetas galegos, despois de Rosalía Castro, e que son: Curros Enríquez e o que estamos a celebrar este ano, no día das Letras Galegas: Celso Emilio Ferreiro, representante relevante da nosa poesía que xurdiu tra-la guerra civil española dos anos 1936 a 1939.

Desde Celanova, coma un vento inqueda, saíron para toda Galicia: "os versos profundos, alleos á arqueoloxía estéril e ó ruralismo pedáneo, valeiros de lirismo lacrimóxico e nostálxico, pero totalmente identificados e comprometidos cos desesperados esforzos do mundo social da nosa terra, cos problemas vivos do noso tempo e coas angustias da nosa xente".

O día das Letras Galegas deste ano trainos de novo á nosa memoria ese vento de Celanova que o propio Celso Emilio inmortaliza nos seguintes versos:

*Celanova ten un vento  
Celanova un vento ten  
un vento peligrineiro  
un vento que vai e ven.*

No ano 1971, recibe o Premio "Alamo" da Delegación Nacional de Cultura polo seu libro en castelán "Antipoemas", que anteriormente, ó ser publicado á galego, foi vetado, pola censura. En 1973 regresa a España e reside en Madrid onde dirixe, durante algún tempo a Aula de Cultura Gallega do Ateneo de Madrid. Colabora no diario ABC como crítico literario das obras publicadas en galego.

Coa chegada da democracia ó noso país, coa morte do dictador Franco, Celso Emilio volta á política activa pero fóra das filas do nacionalismo. Preséntase como senador polo PSOE nas eleccións de xuño do 1977. Tras unha discreta militancia con altibaixos, volta ó que foi case toda a súa vida: un home de esquerda non alineado, profundamente humanista, ligado por unha complexa relación amor-odio á súa terra natal.

Finou repentinamente en Vigo o 31 de agosto do ano 1979, e foi enterrado na súa vila natal de Celanova de onde partiu coma un "vento peligrineiro" curtido entre as avellantadas pedras dos muros da milenaria abadía beneditina, para voltar, apenas desperatado da súa "Longa noite de pedra".

## PERFIL LITERARIO

A publicación pola Colección de Poesía el "Bardo" de Barcelona, da cuarta edición de "Longa noite de pedra" de Celso Emilio Ferreiro é toda unha sorpresa nos círculos literarios españois nos que os libros de poemas teñen tiradas mínimas e pouquísimas veces segundas edicións.

O feito de que outro libro do autor "Viaxe ao País dos Ananos" agotara tamén a súa segunda edición engade á sorpresa varias preguntas: ¿Cales son os temas e cómo escribe este poeta galego?, e ¿a qué se debe que a súa poesía, no medio da desorientación xeral da poesía social española, chegara enteiramente e sen esforzo aparente ó povo, que a leu e a asimilou?

Celso Emilio publica o seu primeiro libro de poesía no ano 1935, escrito en lingua galega e tiña por título: "Cartafol de poesía". Despois da guerra civil edita dous máis, esta vez en castelán: "El aire de tu vuelo" (1941) e "Baladas, cantigas y donaires" (1947).

Estas dúas últimas obras do autor presentan as dúas principais dúbidas do autor: a lingua a utilizar para expresarse e o tema a tratar, que por aquel entón non estaba moi lonxe da poesía que tradicionalmente se estaba a escribir en Galicia.

O ano 1954, é sen dúbida o ano máis trascendental para a obra literaria de Celso Emilio Ferreiro, publica en primeiro lugar a biografía do que el chamaría "o poeta civil máis importante de Galicia de toda a historia da literatura galega, e, por suposto do século XIX ó que pertence: Curros Enriquez".

Edita ademais outros dous libros; un en galego "O sono sulagado" e outro en castelán "Voz y voto". Ambos libros aséntanse xa sobre a base temática da situación social dunha Galicia esquecida tomada dun xeito radical, sobre todo no escrito en lingua castelán.

*Llueven noches sin luz sobre mis hombros  
y a un sueño de futuro voy atado  
por años de dolor, siglos de escombros.*

O sendeiro que seguirá Celso queda perfectamente marcado dende 1954, quedando máis vinculado ós poetas galegos no exilio, onde comezara verdadeiramente a renovación da lírica galega, que ós seus compañeiros da propia terra. Na súa obra comeza a sentirse a influencia de Luis Seoane, Lorenzo Varela, Emilio Pita, Avelino Díaz, Xosé Conde, Ramón Rey Baltasar, Ramón D. Villar e Xosé Neira Vilas, dos que se sentiu máis acompañado no seu camiño anque fora desde lonxe.

No seu libro "Longa noite de Pedra", publicado en 1962, é onde Celso Emilio revélase como o mellor poeta da actualidade na súa lingua.

Frente á aparente simplicidade e sinxeleza dos versos desta obra, escóndense unha serie de factores que o constitúen como un libro perfectamente trabado e ben construído hacia o seu principal fin: chegar ó povo.

Albiscase no autor desta obra unha formación cultural sólida e cimentada na tradición poética galega e española: Cantigas de escarnio, Rosalía, Curros, os poetas do 27, sobre todo García Lorca, e a máis moderna poesía catalana de Salvador Espriu, coa que presenta bastantes puntos de contacto, sobre todo o seu especial uso da ironía.

Consente, como tódolos autores que escriben en lingua distinta do castelán, da obriga fundamental hacia a súa propia lingua antes que para a poesía, volve a espalda ós cultismos intelectualoides e emprega case sen excepción, a lingua máis coloquial, máis simple, máis sinxela, sen que por iso deixe de advertirse unha intrínseca beleza espida de artificiosidade, perfectamente elaborada para ser entendida sen esforzo, como se pode observar no "Monólogo do vello traballador":

*Agora tomo o Sol. Pero ata agora  
traballei cincuenta anos sen sosego.  
Comín o pan suando día a día  
nun laborar a reo.*

*Gastei o tempo co xornal do sábado,  
pasou a primavera veu o inverno.*

*Deille ó patrón a flor do meu esforzo  
e a miña mocidade. Nada teño.*

*O patrón está rico á miña conta,  
eu, á súa, estou vello.*

*Ben pensado, o patrón todo me debe,  
eu non lle debo*

*nin sequera este Sol que agora tomo  
mentras o tempo espero.*

LONGA noite de Pedra, deulle a Celso Emilio Ferreiro grande notoriedade, non só entre a xente do pobo, senón entre os círculos culturais máis progresistas, e sobre todo nacionalistas. O seu título "Longa noite de pedra" pasará a ser un símbolo nacional da loita antifranquista convertíndose, polo abuso da mesma, nun tópicos entre os medios progresistas da época. Os seus poemas serán cantados polos máis representativos artistas da "Nova Canción Galega", as Voces Ceibes de Benedito e Xavier. Celso Emilio pasou a ser unha especie de portavoz oficial da poesía galega, como Salvador Espriu era da catalana.

Polas razóns que xa dixemos, marcha a Caracas no ano 1966. Dende ali vai saír á luz o seu segundo libro importante "Viaxe ao País dos Ananos" en texto bilingüe que pronto adquire gran resonancia.

Ainda que era Celso Emilio Ferreiro conscente da súa popularidade, non era algo que lle agradase moito, porque sabía que ocultaba tamén certo resentimento polo seu abandono da súa militancia nas filas do nacionalismo de esquerda que o obrigou durante certo tempo, a un aillamento dos medios culturais galegos.

A obra de Celso Emilio, déixanos o recordo dun home que era, no máis estricto sentido da palabra, "bó", ligado á realidade presente con tanta forza e comprometido cos seus problemas actuais con tal intensidade que todo o demáis da vida perde importancia:

### Un día

*Eu sei que un día dobrarei unha esquina  
e xa non voltarei atrás.*

*Collerei unha rúa de auga infinda  
feita de noite e de cristal.*

*Pasarán silenciosos carros  
e xentes que nada me dirán.*

*Camiñarei perdido definitivamente  
e nunca máis voltarei ó meu fogar.*

*Entón, non tendo outra cousa que facer  
seguramente porcíme a pensar  
que a vida é un motor moi complicado  
i a morte unha solemne imbecilidade.*

No mes de setembro

## Próxima inauguración do novo Colexio de Viceso



A partires do novo curso escolar (1989-90), no mes de setembro, comezarán por fin a funcionar as unidades de E.X.B. e preescolar do novo Colexio de Viceso que acaba de ser entregado ó Concello pola Consellería de Educación.

O novo Colexio, que é unha das obras que máis esforzo supuxo de negociacións da

Ainda que nun principio, pensouse en poñer a funcionar o Colexio ó comezo deste ano, consideracións tanto de tipo pedagóxico como práctico aconsellaron evitar precipitacións e pospónela súa inauguración para o próximo curso, deixando todo este período para proceder á súa dotación de material e organización de servizos.

O noso Concello, que ten un só Colexio, situado no lugar de Pedrouzos, parroquia de Brión, viña sufrindo, dende hai bastantes anos, un proceso de masificación de alumnos que orixinou a necesidade de habilitar ata catro unidades máis das que tiña establecidas, tendo que saír fóra do recinto escolar tres delas.

Esta situación, na que varias unidades deben funcionar desmembradas do resto do Colexio e que crea grandes dificultades tanto de coordinación co resto do Centro como de utilización

Alcaldía coa Consellería de Educación para que fose ubicado na parroquia de Viceso, tiña previsto entrar en funcionamento a principio deste curso; dificultades no proxecto dos arquitectos que prevían unhas cimentacións do edificio máis superficiais que as que logo se levaron a cabo, retrasaron o comezo da obra ata o mes de agosto.

de medios didácticos, viñase prolongando dende hai preto de cinco anos, e veuse só sostendo coa esperanza, cada vez máis certa de que pronto ía a construírse un novo Colexio.

Ademáis do problema de masificación que existe de feito no Colexio de Pedrou-

zos, estaba o agravante de que nenos de dúas das nosas parroquias, Viceso e Ons, estaban acudindo ó Colexio do Concello viciño de Negreira onde igoalmente, sufrían outro problema, aínda maior, de masificación de alumnos.

En canto ás previsións



O novo Colexio de Viceso, de deseño moi funcional, contén numerosas e amplas dependencias, perfectamente rematadas, dispostas a acoller no mes de setembro a tódolos alumnos de EXB e preescolar das parroquias de Ons, Viceso, Luaña e Cornanda, que deixarán definitivamente de acudir a Brión e a Negreira.

de matrícula para este novo colexio, están en fase de estudo e planificación por parte da Inspectora de Zona que recabou os datos pertinentes en canto a distancias, alumnado, matrícula e profesorado do ámbito de influencia deste Centro.

Ó Colexio Público de Brión afectalle como baixa, os alumnos transportados polo autobús Modesto Ribeiro e que contabilizan un número de noventa e cinco rapaces pertencentes ás parroquias de Cornanda e Luaña. Respecto ó Colexio Público de Negreira deixarán de cursar estudos nesa localidade 63 alumnos pertencentes ás parroquias de Ons e Viceso e que pasarán a continuar os seus estudos neste novo Colexio.


### Transporte escolar

En canto ó tema do transporte escolar, pénsase que podería ser circular nalgún itinerario e en outros rectilíneo, tendo ademais nalguns casos, que recurrir ou a un Taxi ou a un Land-Rover. Todo isto vai depender tamén do tipo de xornada que se implante no novo Colexio.

A posibilidade de que tódolos rapaces que acudan ó novo Colexio poderían xantar nas súas propias casas xa que estarán máis preto que cando estaban en Brión, suporía que, nun principio, non sería necesario a posta en funcionamento do comedor do novo Colexio, e deixaría máis despexada a viabilidade de establecer a xornada continuada que, ademais, reduciría o trasego dos rapaces no transporte escolar a unha soa ida e volta. Esta posibilidade, xa admitida pola Administración Educativa noutros moitos Colexios, require o acordo dos profesores e da maioría dos pais.

Por outra banda, importantes sectores sociais e profesionais están a demandar a implantación da xornada continuada nos Colexios por considerar que ese é o modelo máis xeneralizado en Europa.





# a fiestra TAMEN SOMOS PERSOAS

"Ninguén será sometido a torturas, nin a penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes". (Artigo 5 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos).

Como pan de cada día, e isto si que o aprendemos ben, é sabido que calquera cousa, por pequena que sexa, que aconteza no colexio vai acabar pasando, case seguro, polo castigo.

Un ou unha de nós vai ser sempre o culpable, e terá de pasar polo pau. Os profesores, coa súa man lixeira, parece que traballasen repartindo; batendo en nós, insultándonos, aproveitándose de que teñen máis forza e poder, e contra de eles nada podemos.

Cómo lle podemos coller gusto ó estudio se pasamos boa parte do tempo vendo de que non como moitos e moitas pasamos o día na escola, aturando as burlas se algo non nos sae ben: cómo moitos e moitas pasamos o día na escola, aturando as burlas se algo non nos sale ben: Cando estamos all para aprender! E porque estamos para aprender existen as escolas e os profesores.

Nin que se esquecesen de cal é a súa función, ensinar, e se adicasen por conta propia á de propinar. Nós non lles temos culpa dos seus problemas persoais como para termos que cargar con eles. Tampouco lles imos a contar os nosos.

Pero non todo queda aí. Son de abondo os pais que a principio de curso lles lembran que "se nos portamos mal" nos dean. Dín que é a maneira de nos educaren. Nin que fomos bestas. O único que podemos aprender así é a escapar delas, e a dar, se o outro ou a outra é máis débil, cando as cousas non marchan como a nós se nos encapricha.

Mellor irá todo se cadaquén se pon ó seu e nas escolas se nos formase, no canto de rirse de nós polo pouco que podemos ir sacando en limpo sós para logo obrigarnos a pasa-los momentos que temos de xogo nas súas clases particulares, onde xa zurrán menos —quizais para que non lles perdamos o interese!—

Hai ben pouco aparecía a nova na prensa de un rapaz que se suicidou, a non moitos quilómetros de Brión, por medo ó que lle puidera pasar, cando se enterou de que os pais tiñan unha carta do colexio para que foran falar cos mestres sobre o seu rendemento escolar. E non é raro ver crónicas de estas con frecuencia, atrás das que está a rixida disciplina, que, como vimos de vermos, nada de educativo ten.

A ver se chega a ocasión, por fin, de que comecemos a nos preguntarmos sobre de se estamos conquerindo con tanto castigo a educación dos nenos/as, e deixamos de vermos a escola como un campo de batalla.

Consello de Redacción de "O Xornal Verde"

## ollo que queima!

### A CONTAMINACION DAS AUGAS

Este artigo tenta segui-lo curso, nunca mellor dito, da contaminación das augas.

Comenzaremos dicindo que a palabra contaminación ven do verbo "corromper ou ensuxar tocando". Tendo isto en conta, e dándolle unha valoración do 0 ó 10 ós recursos naturais, segundo o seu grao de contaminación, o chan relativamente en mellores condicións que os restos dos sistemas; o recurso natural máis degradado é o ar, seguido a pouca distancia pola auga, que é o tema que aquí nos ocupa.

Este elemento, a auga, importante no noso organismo, do que forma parte nun 70%, indispensable nalgúns ciclos da vida vexetal, coma a fotosíntese, encóntrase alterada. A súa polución é debida a causas naturais ou xeoquímicas e ás actividades humanas, que sempre contaminan en maior ou menor medida.

As alteracións físicas sufridas pola auga son as que afectan á color, cheiro, sabor e temperatura; ademais pode arrastrar produtos da erosión, co que adquire máis ou menos turbiedade. A presenza de deterxentes sintéticos, orixina a formación de grandes cantidades de escuma, e inhibe o poder autodepurador dos ríos.

As alteracións químicas son máis importantes e comúns que as biolóxicas; a presenza de bacterias patóxenas e virus favorecen a aparición de doenzas, e, por outra banda, a ausencia de animais e prantas é debida á insuficiente cantidade de osíxeno disolvido na auga.

As cantidades pequenas de augas residuais non industriais ocasionadas por asentamentos humanos, introducen serias modificacións na distribución dos organismos nos ríos.

Se a contaminación do río por este tipo de residuos é intensa, as bacterias que degradan a materia orgánica case esgotan o osíxeno contido na auga. Isto provoca a desaparición de numerosas especies ó multiplicarse os organismos que descompoñen anaerobicamente a materia orgánica. Conforme ésta vai sendo degradada augas abaixo, lentamente, o río vaise recuperando.

Por outra parte, cando a cantidade é esaxerada, ó río cóstalle máis traballo autodepurarse, e concéntrase cada vez máis a capa residuosa; daquela é cando a auga empeza a verse suxa, aparecendo encol dos recunchos pequenas colonias de bacterias.



# arredor

## Literatura do noso Concello

Neste apartado pertencente a "Literatura Popular" que xa escomezamos a publicar no número 0 de "O Xornal Verde", e que por falla de espazo non puido ser editado no anterior, imos relatar pequenas estrofas variadas e soltas, relatadas polos veciños do noso Concello.

- Pasei pola túa porta  
e mirei qué estabas facendo.  
As papas nunha barreña,  
vaia muller de goberno!
- O día que te cases  
Deus queira que non apareza  
nin cura nin sancristán  
nin as chaves da igrexa.
- Heime casar este ano  
anque sexa cun ben pobre  
que todo o mundo fai burla  
da muller que non ten home.
- Eu queríame casar,  
miña nai dime que é cedo.  
Ela como está casada  
non sabe as ganas que teño.
- Casadiña de tres días  
xa levaches unha tunda.  
Non llo digas ás solteiras,  
que non casa ningunha.
- Éracho, éracho, éracho ben,  
érache o conde de Sexto,  
que viña ver isto  
no primeiro tren.
- Na Porta Faxeira,  
con tanta lameira,  
non puido pasar  
e foi dar volta.  
A calle do Hórreo  
e o río Sar.  
Ai! Qué volta foi dar.
- As cores que eu teño  
a min ninguén mas quita,  
que nin son como as túas,  
que veñen da botica.

María Xosé Pedrosa Bargo

## Oficios artesáns: Os carpinteiros

Manuel García Novo ten agora 80 anos, e tiña 16 cando recibiu as primeiras ensinanzas de carpintería por parte de Ramón Manteiga, veciño do Casal, pai e avó de carpinteiros.

Despois desa aprendizaxe do oficio, e xa pola súa conta, estivo traballando con Xosé Mourinho, ó que tamén lle viña herdada a vocación.


Di Manuel que aprendeu o oficio porque non quería traballar no campo, anque logo tivo que facelo, xa que escaseaba o traballo debido ó elevado número de carpinteiros que había. Quizais por isto viuse obrigado a emigrar á Arxentina, onde si atopou colocación como tal durante doce anos.

Voltaría para a súa casa no Enxo, para volver a emigrar, desta volta para Venezuela.

Regresou definitivamente, e fixo unha casa nova; a carón dela montou o seu taller. Xa hai 38 anos.

Cando ia traballar polas casas, ademais de cobra-lo seu traballo en moeda, xantaba nelas. Polo xeneral eran encárragos de chineros para a louza, armarios e todo tipo de moblaxe para cociña. Mais tamén se adicaba en obras, para botarlle piso ás casas, e facerlle-las portas e as fiestras, e cos aparellos de labranza, e carros para as vacas, en madeira de castiñeiro, que xunto coa de piñeiro era a que máis empregaba.

Cepillos, trenchas, serruchos, escuadras, machada e martelo, eran os seus trebellos, todos nunha grande variedade de tamaños e formas.



# de nós



## Caixas-niño

O Grupo Ecoloxista de Defensa da Natureza "Denociña" (GEDENADE), que, como xa sabes, somos os que estamos sacando este suplemento "O Xornal Verde", vimos desde tempo atrás construíndo Caixas-Niño e que queremos que ti coñezas, por se te animas a faceres algunha; ou, simplemente, por se pasas pola Carballeira de Brión e as ves, para que saibas en que consisten.

Pois, como indica o seu nome, son unha especie de casetiñas preparadas para colocar nas árbores co fin de que cheguen a aniñaren nelas algúns paxaros. Por isto é que teñen un burato pola parte de adiante: para que poidan entrar e saír sen problemas.


Como vedes, imos un pouco retrasados en poñelas, pois xa deberíamos ter comezado en febreiro, pero o tempo non acompañou. Así, que inda as temos na Casa de Cultura, polo que podes pasar por allí a velas os mércores, a partires das oito do serán, que é cando temos as xuntanzas do Grupo.

Por se non o facedes e vos interesa montar algunha na casa ou noutro sitio, velai vos metemos uns debuxos para que vos fagades unha idea máis axeitada de cómo son.

Necesitades só algún material: a madeira, cravos, alcaiatas e aramio. Xa podedes merca-las pezas cortadas se non tede-los trebellos de carpintería, e lembrádevos de non lixa-las caixas por fóra, porque así lles resultará menos doado ós paxaros o esvarar por non teren a onde agarrarse.

Tal como dicíamos, imos colgar unhas poucas de momento na Carballeira de Brión. Na Serra de San Mamede, cando estivemos allí de excursión, xa o fixemos; puxemos dúas nun bosque de piñeiros que estaba moi atacado de procesionaria do piñeiro, que é parte do que comen algúns dos que poden aniñar nas caixas que colocamos.

Isabel Regueiro Montero  
Agueda Paz Seijas



# encontros con animais

## O Raposo (Vulpes Vulpes)

Ana Regueiro Montero  
Xan Carlos Paz Seijas

O raposo é un mamífero carnívoro que pertence á familia dos cánidos.

O seu tamaño é mediano, entre a cabeza e o tronco mide de 60 a 90 centímetros, e pesa sobre 7 quilos. Ten un corpo esbelto, rematado nun rabo longo de preto duns 40 cms. que ten unha punta que ben pode ser oscura ou clara.

As súas patas son curtas. As orellas triangulares e o fuciño puntiagudo. Ten unha pelaxe moi tupida e maina, dunha color vermella pola parte de arriba, e por baixo abrancazada.

Coñécense como unhas 10 especies repartidas entre Europa, Asia Cetral e América do Norte.

O golpe, que é como lle chaman no lado de enriba de Galiza, é capaz de establecerse en case tódolos hábitats imaxinables. Adoita vivir en bosques moi mestos ou ó lado da costa e da cidade; é por isto polo que se di que é un animal adaptable. Moitas veces aproveitan as covas dos porcos teixos para morar nelas, e ata poden chegar a compartiren con eles se son grandes de abondo. Pero tamén excavan os seus propios tobos, que ademais de teren unha entrada principal, teñen varios túneis con entrada e saída.

Ten costumes máis ben nocturnas, e leva unha vida solitaria, marcando o seu territorio de caza depositando os excrementos en sitios ben visibles.

E moi popular pola súa astucia e por se-lo máis típico inimigo dos galiñeiros; pero anque algunha vegada ataque galiñas, prefire máis ben alimentarse de toupas e ratos, ós que devora antes de que se lle escapen de entre as patas. Asemade caza lebres e aves. Cando anda preto dos ríos busca niños de pitas de auga. En outono consome froitos silvestres, e ata se conforma con miñocas e vermes.

Os pequenos raposos nacen cara o mes de abril ou maio, dispois de dous meses de xestación. O tobo está acolchado

por pelos que a nai arranca do seu ventre. Os cachorros ó nacer teñen un pelo moi curto e escuro.

Ó cabo dun mes empezan a sairen da cova, e pasan moito tempo xogando entre eles. Cando teñen cinco meses xa saben cazar por si mesmos, e cando chega o inverno xa son independentes.

Son animais moi áxiles e percorren grandes distancias ó día. Por iso é que, se chegan a estaren en cautiverio, pode ser fatal para eles. Como ben dixo o Premio Nobel Konrad Lorenz: "os raposos e os lobos en moitos parques zoolóxicos anticuados están encerrados en gaiolas demasiado pequenas para que nelas poidan dar renda solta ó seu instinto de correr. Estes son, sen dúbida, os animais máis dignos de lástima de entre os hóspedes dos parques zoolóxicos".

Ainda que entre nós non hai parques zoolóxicos, sempre hai algún desalmado que, se lle cae unha cría de raposo nas súas mans, é capaz de atala ou fechala.


O raposo ten os seus inimigos, porque anque él caza, pode ser cazado por lobos, linceas ou águias. Mais o seu maior problema é o home, pois coas cacerías indiscriminadas que se están a facer xa comezan a sofriren un rápido descenso.

É unha pena pensar que por só tres ou catro mil pesetas que pagan por unha pel, acaben con este animal, para que despois catro donas anden a luci-las en estolas, chaquetóns, abrigos e capas.

Polo de agora o raposo non é unha especie que estea en perigo de extinción, pero non por isto hai que despreocuparse del, porque, de seguirmos así, en poucos anos pasará a ser un membro máis da lista de desaparecidos para sempre.



SUBVENCIONADA POLA  
CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO  
TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS  
Dirección Xeral de Ordenación Territorial e  
Calidade Ambiental





Pendente da súa aprobación inicial

## Revisión das Normas de Urbanismo

Están en revisión as Normas Urbanísticas do noso Concello. As actuais normas, como se recordará foran aprobadas en 1985: no seu día, ó tempo que suscitaban o recoñecemento xeralizado dos técnicos de urbanismo chegando a falarse delas por Galicia adiante como un exemplo de como se debe tratar urbanisticamente un municipio rural, foran en xeral ben acollidas polo vecindario, aínda que no momento da súa elaboración xurdira nalgúnhas parroquias un movemento de oposición debido ás limitacións edificatorias que imponían.

Hoxe, ó cabo de catro anos, ninguén discute que as Normas eran necesarias e, comparado cos outros municipios do entorno xeográfico o territorio de Brión é o mellor conservado.

A actual revisión das Normas de Planeamento está motivada, en primeiro lugar, pola necesidade de adapta-las existentes á Lei do Solo de Galicia. Isto só vai significar algunha modificación de tipo técnico, sen afectar ó fondo da normativa en vigor.

Outro factor que aconsellou a revisión foi o novo rol que o noso Concello está xogando na zona: a cidade de Santiago—coa instalación da sede autonómica e o crecemento da Universidade— é escandalosamente cara no tocante á vivenda e—desde a ampliación da estrada Santiago-Noia— a distancia entre esta cidade e Brión quedou reducida a dez minutos en coche. Xa que logo, nestes últimos anos, as demandas edificatorias na zona baixa do Concello aumentaron considerablemente. Facíase necesario

adapta-las Normas a esta demanda crecente, dentro dos límites permitidos pola Lei e sen que o Concello perda a súa personalidade rural.

A revisión das Normas está realizando Consultora Galega, de Pontevedra, un equipo dirixido por Daniel Pino, caracterizado en tódolos seus traballos por unha seriedade e rigor científico que ninguén lle discute. Presentaron xa no Concello os estudos da fase de información urbanística e avance de planeamento.

Tocante ás modifica-



cións propostas nesta revisión, a maior parte son precisións de tipo técnico que non imos analizar aquí, pero parécennos as máis salientables as seguintes:

— Créanse unhas áreas entre as parroquias de Brión e Os Anxeles de "chan apto para ser urbanizado", nas que se poderán realizar urbanizacións previa a redacción de plans especiais.

— No "chan non urbanizable" suprimense as zonas de tolerancia, pero en todo este tipo de chan, cando se trate de explotacións agrícolas, a parcela mínima para edificar pasa de 1.500 m<sup>2</sup> a 800, sempre que se inclúan na explotación outras fincas ata completar unha superficie de 2.000 m<sup>2</sup>.

— Preténdese que boa parte das demandas edificatorias sexan absorbidas entorno ós núcleos de poboación existentes para evita-lo espallamento. A tal fin, créanse dúas categorías de núcleos rurais: uns, que se califican como "chan urbano" e nos que se permite a formalización de plans especiais de mellora, e outros que siguen conservando o seu carácter rural.

Entre os primeiros hai algúns nos que se observou ultimamente unha presión edificatoria especial que aumentan o seu radio urbano a costa dos terreos non urbanizables.

O procedemento que se vai seguir ata a aprobación definitiva da revisión, será a presentación do avance á Corporación Municipal para a súa aprobación inicial. Logo virá un mes de exposición ó público para que os interesados examinen o avance e presenten reclamacións. Estas serán examinadas polo equipo redactor, que lle propoñerá ó Pleno da Corporación os cambios que considere; éste decide e aproba a revisión provisoriamente. Posteriormente envíase o expediente á Comisión Provincial de Urbanismo para que lle dea aprobación definitiva.

## Novas pistas forestais en Ons e Viceso



Cando a primeiros do ano 1987 se fundaron as Sociedades Agrarias de Transformación de Manxeira e Mirallos, en Ons e Viceso, estableceuse un plan técnico que comprendía o tratamento e obras a levar a cabo nas zonas forestais beneficiadas e no que tamén se contemplaba a dotación de servizos a estas extensións de monte. Entre estes servizos figuraba a construción de pistas que facilitasen a comunicación

nas propiedades integradas nas SAT e, naturalmente, ás situadas nas proximidades.

Cumprindo este obxectivo, véñense de rematar tres pistas forestais (dúas en Ons e unha en Viceso), que se conseguiron mediante a intervención das xuntas directivas de Manxeira e Mirallos, con subvencións da Consellería de Agricultura.

Estas pistas, cunha lonxitude superior ós cinco quilómetros, prestan servizo

a tres amplas zonas de monte destas dúas parroquias na chaira de Rañalonga.

Son precisamente estas dúas parroquias as máis sensibilizadas de todo o Concello pola mellora da riqueza forestal (repoboación, limpeza do monte e prevención de incendios).

A apertura de pistas é unha peza fundamental do aproveitamento do monte. Pero, para que estas sigan cumprindo a función para a que foron pensadas, é imprescindible que se sigan cuidando; e neste sentido é frecuente observar como as gabias son tapadas con terra e pedras para poder entrar ós agros, co que se ocasionan estragos que as deixan en pouco tempo inservibles. Aquí é onde ten que entra-la responsabilidade dos particulares para defender un ben que é de todos. Pouco custa poñer uns tubos nos accesos ás leiras para que a auga discorra libremente polas gabias das pistas que con tanto esforzo se van construíndo.

## Un sentido adiós dos veciños de Brión

Rafael Madriñán, practicante de Brión ata hai dous meses, trasladouse á provincia de Ourense como ATS do Barco de Valdeorras.

Queremos desde aquí, á vez que despedir-lo, resalta-los seus moitos valores humanos, xa que os profesionais, que tamén os ten, tómanse como deberes na función sanitaria.

É notorio o burato que deixou na consulta pola súa amabilidade, competencia e interese co que atendía ás preocupacións de todos e cada un dos seus pacientes, e en todos nós, xa que era un briónés máis.

Seguindo cas despedidas, lembramos que tamén, desta vez por motivos de idade, xubilouse o párroco de Brión D. Ignacio Padín Miguéns, que estiveran ó frente da parroquia durante 31 anos. Vaia tamén desde aquí o noso respetuoso recoñecemento por tantos anos de adicación pastoral a Brión, ó mesmo tempo que expresámo-la venvida ó novo encargado, sequera sexa temporal, D. Manuel Canedo Nimo, que xa é doutras parroquias do Concello.

## Cursiño de Iniciación de Esquí

Entre os días 15 e 20 de xaneiro pasado, nove rapaces e rapazas do noso Concello asistiron a un cursiño de iniciación ó esquí na estación invernal de Puerto de San Isidro, por terras de Puebla de Lillo, en León.

Estes cursiños foron organizados pola Deputación da Coruña e nel poideron participar nenos de tódolos Concellos da provincia. Estiveron dirixidos por adestradores da Escola Española de Esquí, atendendo cada un deles a un grupo de dez rapaces.

As actividades deportivas do cursiño, desenroladas de luns a xoves, consistían en clases prácticas, mañá e tarde, nas que se iniciou ós nenos nas técnicas básicas de dominio e esbaramento sobre dos esquís.



Como remate, no último día do cursiño realizouse unha proba na que os participantes demostraron os coñecementos que adquiriran ó longo do mesmo, referidos ó coñecemento do material básico e á realización de sinxelos descensos en pistas axeitadas.

Polas noites, despois de

cear, os cursiñistas realizaban unha serie de xogos organizados por un equipo de animación a cargo do membro do Consello de Redacción de Altamira, Xacobe Pérez Paz.

Á volta, todos eles amosaban a súa leducia polo desenvolvemento do cursiño.

## Novo xuíz de Paz

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei Orgánica do Poder Xudicial, publicada en 1985, e da de Planta de Demarcación Xudicial, de finais do ano pasado, os xuíces de paz son elixidos polas corporacións municipais dos respectivos concellos por un período de catro anos.

A Lei recoñécelles tamén ós novos xuíces unha pequena compensación económica polo tempo que lle adican ó cargo. Xa se sabe que ata agora o desempeño deste cargo era totalmente gratuito.

En Brión foi elixido D. Florentino Romero Cobas, que xa viña exercendo o cargo desde hai dez anos.

## Actividades culturais do noso Concello



Algo máis de 50 rapaces/as de Brión pasaron a derradeira fin de semana de xaneiro, incluíndo tamén a noite do venres, na Serra de San Mamede, en Ourense, moi preto da Serra de Queixa e do Monte de Cabeza de Manzaneda.

E alí, xunto cos 10 monitores/as responsables da organización e da marcha da excursión, desenvolveron moitos tipos de actividades, aproveitando as instalacións e as condicións do lugar.

Puidemos percorre-la zona, bordeando o couto de cría da Xefatura de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para poder ver unha manada de cervos, que de sorprendidos que quedaron ó ouviren de súpeto os nosos ruidos, chegaron a correren cara a nós; e puidemos colocar, tamén, un par de caixas-ñiño, construídas polo Grupo Ecoloxista "Denociña" nun arborado moi atacado pola parasitaria "procecionaria do piñeiro", e que se abonda é, entre outras cousas, polo escaso número de paxaros que se alimenten dela.

É de salienta-la disposición do Grupo Ecoloxista para presta-la súa colaboración tanto para a preparación como para a realización da excursión, axudando en todo momento a todo o necesario.

### Charla na Casa da Cultura

O pasado día 17 de marzo tivo lugar na Casa da Cultura de Brión unha charla

sobre dos " Hábitos Alimenticios e Hixiénicos, e a súa importancia no Rendemento Escolar".

A A.P.A. de Brión e o Equipo de Intervención Sócio-Educativa, organizadores do acto, querían que os pais e nais contasen cunha ocasión onde puidesen falar verbo desta temática, co asesoramento da médica Saladina Álvarez Pérez, conferencianta invitada, e constatar como unha mal equilibrada alimentación —exceso de graxas de carne, de café, de alcohol...— ou deficiente —escasez de peixe...—, e unha incorrecta hixiene —non lava-los dentes a diario...—, van ter logo unha repercusión negativa na marcha escolar dos nenos/as, por afectar directamente á saúde.

A vindeira charla, a celebrar na segunda quincena

de maio, tentará de clarexas-las saídas que teñen os estudante de Brión ó remataren o EXB, buscando servir como orientación para eles e para os pais.

### Escola de Teatro

O pasado 8 de abril púxose a funcionar outra volta a Escola de Teatro de Brión. Con novos proxectos e ideas, amplía nesta edición o seu cupo de rapaces e rapazas matriculados, que pasan a seren 35, así como o número de monitores, que van ser dous, o que ven facer medra-la calidade no traballo.

Estruturase en talleres, que van ser 4: ún de máscaras, outro de decorados, outro de xogos, e o último, de vestuario, ós que se apuntarán segundo o que máis lle interese. E se afondará en técnicas de representación. Todo este labor verase ó remate na representación que farán as nenas e nenos.

As novas que temos no momento da redacción son boas, pois parece que xa hai máis xente da parte de arriba do Concello que se anima —a Luaña, sobor de todo— e se está igualando o número de cativos ó de cativas. Amais, seguimos contando co autobús para trae-los e leva-los, polo que continúa como actividade gratuita.

*Equipo de Intervención Socio-Educativa*

## Realización dun traballo de investigación no noso Concello

Investigadores da Universidade de Santiago de Compostela desenvolven na actualidade un traballo que tenta de estudia-la situación da xuventude nas zonas rurais de Galicia. Co gallo de isto, a partires do día 17 de abril, e durante un mes, un equipo de enquisadores percorreren diversas parroquias do noso Concello entrevistando a mozos e mozas de 14 a 24 anos. Estas persoas irán provistas de unha carta oficial de identificación.

Da colaboración de todos depende grande parte dos resultados do estudo. Coñecer e valorar qué pensa a xuventude rural é un paso necesario para esixir maior atención cara a ela. Nesta tarefa todos podemos aportar algo.

*Equipo de Intervención Socio-Educativa*

## 5º Xornal



### SEMANA DE LA PRENSA C.N. BRIÓN

Organizada pola asociación da Prensa e maila Consellería de Educación, estívo-se a celebrar en toda Galicia a I Semana da Prensa na Escola; na que se invitaba a tódolos Colexios e ensinahtes a utilización exclusiva da prensa, sen ningún libro, como recurso didáctico.

No Colexio Público de Pedrouzos, os alumnos de Quinto Nivel, como remate a esta semana de actividades desenroladas coa prensa nas aulas como único recurso didáctico, viñeron a publicar unha revista que co título xenérico, de QUINTO XORNAL, alusivo ó seu nivel de estudos, recolle multitude de artigos e noticias de interese xeral e local.

Figuran como directoras desta publicación, Verónica Rodríguez Casal, da clase de 5º C e Lucía Barreiro Regueiro da clase de 5º A. Ademais actuaron como xefes da redacción: Lucía Forján Gómez; Alberto Vidal Campos; Margarita Forján Gómez; Pedro Sobrido Carro; M.ª Carmen Becerra Gómez; Samuel Rodríguez Saavedra; Eva Bustelo Martínez e Verónica Rodríguez Casal. O equipo de deseño e montaxe estivo composto por: Alberto Vidal Campos; Margarita Forján Gómez; Pedro Sobrido Carro; Eva Bustelo Martínez; Samuel Rodríguez Saavedra; M.ª Isabel García Fernández; Pablo Rodríguez Pazos; Lucía Forján Gómez; Natalia Vázquez Pérez e Tereixa Carnota Fraga. Actuaron como periodistas e redactores, tódolos demais alumnos de 5º A e 5º C.

Por un valor que supera os 50 millóns

## Importantes proxectos incluídos nas últimas obras do Concello

As últimas obras levadas a cabo polo Concello de Brión, que están presupostadas en máis de cincuenta millóns de pesetas, inclúen importantes proxectos no que destaca a construción da praia fluvial de Ponte Nináns,

Case tódalas unidades de párvulos que ten o noso Concello, recibiron ultimamente importantes reparacións por un importe global de máis de tres millóns de pesetas. As obras acometidas nestas aulas de preescolar, que correrán a cargo da Deputación Provincial e da nosa Administración Local coa colaboración dos obreiros do INEM, incluíron dende a pavimentación do chan con plaqueta ali onde fixo falta ata o arreglo de portas, ventás, pintado ou reposición de toda a instalación eléctrica.

### Campo de fútbol en Cornanda

A parroquia de Cornanda contará proximamente cun novo campo de fútbol no que poder desenrola-la afición de moitos xóvenes a este popular deporte. Nos últimos días as máquinas acabaron de facer o desmonte quedando practicamente rematado e a punto para a inauguración.

### Praia fluvial en Ponte Nináns

Coa axuda da Consellería de Ordenación do Territorio estase a construír no lugar de Ponte Nináns, na parroquia de Cornanda, unha praia fluvial por un importe que ascende a preto de sete millóns de pesetas.

Esta praia, que se espera que este rematada para o próximo verán, ven un pouco a compensar a falta de piscinas nas parroquias da parte alta de Brión que non contan con ningunha, naméntas, na parte baixa existen neste momento en funcionamento tres.

### Accesos ó Colexio de Viceso

A posta a punto do novo Colexio en Viceso esixiu o acondicionamento e ampliación das pistas de acceso para facilita-la entrada e saída do

no río Vioxo e a instalación da primeira depuradora do Concello na Ponte do río Pego, en Pedrouzos, contribuíndo, deste xeito, á conservación do Medio Ambiente que se está a degradar dunha maneira alarmante na nosa terra.



obrigado transporte escolar. Estas obras nos accesos ó novo Colexio esixiron un importante desmonte en Forxán onde se tivo que cortar totalmente unha curva que impedía o paso dos autobuses.

### Reparacións no grupo escolar

Unha brigada de obreiros estivo durante varios días atendendo a tódalas deficiencias detectadas no Colexio de Brión que consistiron fundamentalmente en arreglos nas instalacións de fontanería, reparacións no tellado, arreglo do cerramento exterior, e sobre todo, a ampliación da

explanada de aparcamento dos autobuses.

### Plan INEM

Como tódolos anos, o noso Concello, en colaboración co Instituto Nacional de Emprego (INEM), leva adiante un Plan de obras dirixido fundamentalmente á pequenas obras nos distintos lugares de tódalas parroquias do noso Concello. Este ano, as brigadas de obreiros do paro contratados polo Concello están levando a cabo, principalmente, obras de reparación de camiños interiores nas aldeas e lugares de todo o Concello así como



O Colexio Público de Pedrouzos, en Brión, recibe tódolos anos a atención do Concello a traveso da acción que desenrolan diferentes equipos de traballadores encargados do mantemento e posta a punto de tódolos servizos e dependencias do edificio escolar.

diferentes obras de acondicionamento de tódolos servizos que así o requiran.

### Plan Provincial de obras

Por un importe de 27 millóns de pesetas, acábase de adxudicar á empresa EGOSA o Plan Provincial de Obras para o noso Concello que se establece tódolos anos entre a nosa Administración e a Deputación Provincial. Este ano as obras incluídas neste Plan anual serán principalmente a reparación de camiños, pistas e estradas de todo o Concello, incluíndo tamén, algún asfaltado novo así como o arreglo de baches e distintas reparacións a fondo en lugares concretos que o necesiten.

### Instalación depuradora

O Concello, dentro dun Plan que abarcará todo o término municipal e que se irá extendendo pouco a pouco, está a levar adiante a instalación da primeira depuradora de augas residuais do Concello no lugar da Ponte do Pego en Brión, coa posibilidade moi probable de colocar outra este mesmo ano no lugar do Tremo. Este Servizo novo coloca ó noso Concello na avangarda dos Concellos de Galicia no coidado do seu medio ambiente.

### Acción comunitaria

O plan de Acción Comunitaria, no que tamén participa a Deputación Provincial, contempla para este ano a construción dun campo de xogo e pista deportiva no lugar do Outeiro, na parroquia dos Anxeles, a reparación da pista polideportiva de Ons e a reparación de Campo de fútbol de Bastavales.

### Ampliación alumado

O alumado público extendido practicamente por tódalas parroquias do Concello, contará desde este ano cun importante incremento nos puntos de luz en tódolos lugares. Estas melloras que se van introducindo pouco a pouco, tódolos anos, contribúen a facer máis acolledores os lugares das diferentes parroquias.



## OUTROS NOMES BRIONESES



A parroquia de BASTAVALES, chan cheo de históricas lembranzas, é berce do preclaro orador e devoto franciscano, XOSE VERDES VIDAL, entusiasta defensor en sinalados momentos da causa popular fronte ás tendencias absolutistas da época de Fernando VII.

### XOSE VERDES VIDAL

**U**N paladín da causa popular dende o púlpito. Xosé Verdes Vidal, franciscano, veu ó mundo na aldea de CHAVE DE CARBALLO, nese lírico chan cheo de históricas lembranzas, que é a parroquia de Bastavales, o 20 de febreiro de 1774. Ese mesmo día recibiu as augas bautismais baixo a recién estreada sillería da actual igrexa parroquial, sendo párroco de Bastavales Don Manuel LLANOS FLOREZ, que se titula tamén cura coengo de Santa María la Real de Sar: un orador brillante e promotor deste magnífico templo maián.

Xosé Verdes vestiu o hábito franciscano o 21 de marzo de 1790 no Convento de Santiago. Ingresou no Colexio de Alba de Tormes —11 de novembro de 1797— onde desempeñou dous anos despois unha cátedra. Voltará ó eido materno como predicador xeral e gardián do convento franciscano da Coruña nos axitados anos do reinado de Fernando VII. Dedicado especialmente á predicación, puido amosar ante os seus paisanos ese don superior, que dixo Otero Pedrayo, da palabra. Pronunciou en 12 de febreiro de 1819 a Oración fúnebre nas exequias da raíña D.<sup>a</sup> María Isabel de Braganza, que mereceu os honores da impresión. En 1820 sae á luz por mandato da Suprema Xunta de Galicia a súa acendida oración no enterro do coronel Acevedo, héroe do alzamento

liberal de 1820 en Galicia, decisivo para o retorno ó constitucionalismo de Fernando VII, na que se expresa todo o seu fervor populista contra os partidarios do absolutismo. Quizais isto explique o seu ulterior escurecemento biográfico.

### ANTONIO NOYA BLANCO

**M**E cuido poco al presente, ya que espero mejores días, del interior de mi monasterio, y apenas si dirijo alguna mirada a sus desiertos corredores, cuando subo a visitar el cura...". Estas liñas pertencen nada menos que á inefable pluma de Rosalía de Castro, na última das súas creacións novelísticas, "EL PRIMER LOCO", publicada en 1881.



O Restaurante Vilas, en Santiago, é de obrigada referencia para tódolos forasteiros que gostan de apreciar as ledicias da boa mesa e copioso xantar

Un tema psicolóxico romántico relacionado coa poética soidade dun nobre mosteiro: Nosa Señora da Mercede de Conxo. ¿Qué poderoso imán atraía os pasos da inmortal cantora ata os pés da Virxe de Conxo? ¿Qué resorte misterioso a impelia a busca-la paz entre aqueles muros abandonados tralos avatares da exclaustación? Era daquela párroco de Conxo Fr. Antonio Noya Blanco, P. Provincial da Orde da Mercede, nado no lugar de Romaris (Bastavales), o 31 de xaneiro de 1807. Cavilan os estudiosos —Fermin Bouza Brey, Pumar Gándara— que a infancia da nosa musa en Ortoño estivo matizada por algún encontro íntimo con súa nai en Soigrex, lugar de Bastavales, e que a persoa que estaba detrás daquela acción humanitaria era este ilustre mercedario brionés.

¿Que lenitivo para o atormentado espírito da soñadora cá eterna primavera da vida e dos campos tiñan que ser aquelas conversas con Frei Antonio no silencio, cheo de aromas vexetais, do histórico cenobio santiagués!

Don Antonio Noya Blanco descansou no Señor o 21 de outubro de 1881, despois de vintetrés anos de ministerio parroquial en Conxo.

### ROSALÍA RAÑA

**T**ODO un símbolo de dedicación sacrificada a unha vocación. Funda co seu marido e rexe despois o sonado restaurante VILAS de Santiago. Un nome da nosa cociña con prestixio internacional. Rosalía Raña é unha brionesa, que tivo o seu berce no lugar do "Anexo" ou San Salvador de Bastavales. Lembra hoxe o seu curruncho natal un dos establecementos de comidas máis distinguidos de Compostela, o "ANEXO VILAS". Finou en 1971.

*Benito Salvado Martínez*

PINTURA \* DECORACION

# SANTIAGO OTERO

**TODO EN DROGUERIA** PAVIMENTOS - MOQUETAS  
PAPELES - MURALES  
CORCHO, ETC.

Rosalía de Castro, 14-bajo  
Teléfonos 563713-594449-884012 SANTIAGO

## Construccions

# FRAGA



Obras de Albañilería en xeral  
**BRION**

Teléfono 887179

PANADERIA



# SERRAMITO

Os Anxeles-Brión  
Tel. 88 31 55



## Adega

# «SANTA MINIA»

VINO RIBEIRO (Granel - Errotellado)  
GASESOSAS  
CERVEZAS  
LAMIÑO - BRION  
Telf. 887282

# PASATEMPOS

## SOPA DE LETRAS

Busca en tódalas direccións (arriba-abaixo, esquerda-dereita, diagonal e viceversa) oito nomes de animais.

D I F A O C U G H L A G  
E O B C A D O L I C M A  
S U P B V A R T N O S L  
I L A M A R I O R N U I  
A L O E C N A C P O L Ñ  
O R I C A S R O B I C A  
C A L C I D U L A T E S  
R U D F O G I O R R U B  
O M I O D E F A R E L O  
P A M T E R L A R A O L  
E S T O R M A L A E R O  
E L E A L L E V O S S A

## UNHA MEDIDA DIFICIL

Se vostede ten un garrafón de 8 litros, cheo de viño e dous valdeiros, de 5 e 3 litros, ¿cómo faría para encher 4 litros exactos, sen axuda doutras medidas?

Solución:

E deste xeito quedamos catro litros exactos no garrafón de 5 litros.

7º	Encher o de 3 co de 5	1	4	3
6º	Encher o de 5 co de 8	1	5	2
5º	Valdeitar o de 5 no de 3	6	0	2
4º	Valdeitar o de 3 no de 8	6	2	0
3º	Encher o de 3 co de 5	3	2	3
2º	Encher o de 5 co de 8	3	5	0
1º	.....	8	0	0

Capacidade dos garrafóns: 8 lit., 5 lit., 3 lit.

## AS CEREIXAS

A unha cerdeira subin que con cereixas atopei; eu cereixas non comín, e cereixas non deixei.

Solución:

(non comen cereixas, comen unha cerxa)  
(non comen cereixas, comen unha cerxa)  
Habla dúas cereixas e comen unha.

## SOLUCIÓN ÓS PASATEMPOS ANTERIORES

5	2	15	12
16	11	6	1
10	13	4	8
3	8	9	14

O R I E P S N  
B O R R I V X Y Z  
D I O R I N Z P  
I K E X O X G T R  
C I L I X V D I  
S E A I L X V I E  
S V T I F I A C X V  
C A B A L L O Q  
N R E C L U L L I  
O C D E M A R C A

R I S A B I S T A N I O  
U N E L I N A R M U O M  
S O P O R C O I A B L L  
I M L A C E N S C I A A  
E O M I I I I A Y B S  
E N S E R B E N V I A I  
C O A B A I A B A R  
E M B U R I C I L T E A  
R R I O P O I T O P E  
R U A N A G E P U C A N  
O R N A I V I S A O M O  
N I E T C A N I L A G

## CURIOSIDADES MATEMATICAS

O número 45 é o resultado da suma dos 9 primeiros números naturais:  
1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + 8 + 9 = 45  
e tamén se pode comprobar que:  
5 + 8 + 12 + 20 = 45  
coa particularidade de que:  
8 + 2 = 10  
12 - 2 = 10  
5 x 2 = 10  
20 : 2 = 10



**LA VASCO  
NAVARRA**

SOCIEDAD ANÓNIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º  
TELEFONO: 58 48 91  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AG**

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

**Hnos. GENDRA**

Fábrica y Oficinas:  
**BASTAVALES**

**SANTIAGO**

**Mesón - Parrillada  
A' Roda**

Hospedaje



NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao à brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne à brasa
- Viños a elixir

Rodríguez de Viguri, 7  
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Ferretería  
CASAL, S.L.**

Materials de Construcción-Fontanería-Material eléctrico  
Sanitarios - Abonos químicos  
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX  
Transportes e Sección Calzados

**BASTAVALES - SANTIAGO**



*Carpintería - Mobles - Electrodomésticos*  
Tel. 88 33 33 - **BASTAVALES BRION**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**FERRETERIA  
"SANTA MINIA"**

Teléfono 88 30 10

**José Caramés**  
*Brión (Santa Minia)*



Materials para Construcción e Saneamento,  
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,  
Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio,  
Traídas de Auga, etc.



**AUTOS  
PORTAS**

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10  
SERVICIO OFICIAL

**SEAT**

**Audi**



**YMEL S.L.**  
MONTAJES ELECTRICOS

SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12  
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION  
ESTUDIOS. PROXECTOS E PRESUPOSTOS  
CONSERVACIONES, REPARACIONES  
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS



## Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 32 83  
LOS ANGELES

SANTIAGO

## ARTE EN PEDRA



Tfno. 811704

CRUCEIROS  
HORREOS  
ESCUDOS  
CHEMINEAS  
FONTES  
BANCOS  
ESCULTURAS

## MATERIAIS DE CONSTRUCCION

### E. PEDRARES MATO



NINANS - LUAÑA  
Teléfono 89 99 74

## EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS  
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N  
Tº 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA

## ASESORIA LABORAL Y FISCAL

# FEYCA

Seguros U.A.P.

Avda. de La Mahía, 134 - Telf. 883109  
BERTAMIRANS - AMES

## C O F I G A

Todo en productos  
Agrícola - Gandeiros

Venda: URDILDE  
Almacén: VILACHÁN - ROIS

**Miele**  
ordeño

## COMAGRO

COMERCIAL AGRICOLA DA MAHIA, S.L.

INSTALACIONES DE ORDEÑO  
REPUESTOS - ACCESORIOS

CRUCE DOS ANXELES - BRION  
Teléfono 88 32 50

## MARMOLES SUAREZ

- Granitos e mármoles
- Revestimento de fachadas
- Fabricación e colocación de toda clase de chanzos e peldaños

José Suárez  
Mourentáns - Viceso (Brion)  
Teléfono 89 99 51  
Fanse presupostos sen compromiso